# O Ciroliñas

## BOLETIN DA ASOCIACION DE VECINOS DOS REMEDIOS

"A PONTE VELLA" / BETANZOS / MARZO / 1979 / Nº 4



## AGRADECEMENTO A UNS, E ROGO A OUTROS.

A Xunta Direitiva dá as gracias a tódolos socios e colabo radores que nos prestaron a súa axuda durante, o ano que rematoú, nas ideas, nos traballos feitos, e tamén, por qué non, a= súa aportación económica, que é moi mecesaria pra realizar cal quer obxetivo.

Estos días estáse procedento ó reparto duns cinceiros grabados co nome da Asociacion, a todolos socios, co obxeto de == facerlles unha visita e ó mismo tempo recordarlles que o ano = anterior finou, e que pra cando queiran satisfagan as cotas = correspondientes; si a algún por calquer circunstancia non se= lle entrega, pode reclamalo.

Nun artigo aparte o noso depositario (Tano) fai un balance da laboura realizada, (non moita por certo), pro, algo é algo= tamén dos gastos habidos a dos ingresos. Nós non temos os cartos pra telos si alguén sabe de necesidades ou algún amaño pequeno que poida facerse cos que sobraron, ahí están.

O ROGO VAI: prós veciños que aínda non son socios, débense == animar a selo, non teñades recelo, que o que nós facemos non = é política partidista proba evidente é que nós permanecemos= ó márxen de toda actividade de esa indole prás eleccions que = están en portas, que naide trate de coaccionarnos, cada socio= é moi libre de votar por quen queira (ou de non facelo), é tamén que gane quen Deus queira, que é o que sabe millor quen == nos conven; perdede o medo, podemos faer moitas cousas boas, = pola nosa barriada, animarvos xa, que estades vendo que o que= se fai é pra ben de todos, e non solo dus poucos, pedímosvos = que poñamolo lombo todos xuntos, pois hasta o da agora sempre= lles tocou os mesmos; mentras os máis mirabamos como facían.

UN SAUDO.

## CANTO A MIÑA TERRA GALEGA.

Canto os meus cantares,
canto a os meus mares,
canto a os meus campos
con cuidado labrados
polas vacas e bois.

Canto a os meusmares,
canto os meus cantares,
canto a miña terra
queridiña pra min.

¡Ay! ¡Ay! ¡Ay! miña terra,
quen poidera poñerche
unha estrela que nunca fuxíra,
logo un sole que sempre brilara
e de ves en cando un pouco de auga,
¡Ay! quen me dera ser como ti
feiticeira e boa.
Canto os meus cantares,
canto a os meus mares,
canto a miña terra.

Poesía de la niña- Mª angela García Naveira.




Non sopredes moi forte,
pois... boa falla fai,
que siga alumeando.

LA A.A. V.V. "OS REMEDIOS - A PONTE VELLA"
CUMPLE SU PRIMER ANIVERSARIO.

Efectivamente el próximo 31 de marzo, cumplimos nuestro primer año de existencia. Fué aquel día, que un reducido número de vecinos, nos reunimos y fuimos perfilando lo que sería nuestra ASOCIACION; / Una asociación de vecinos con entidad inframunicipal, que tendría por objeto, la **defensa** del interés vecinal ante la Administración.



La Asociación no se podrá utilizar con fines políticos, ni de carácter partidista.

Pienso que ésta fue la base y sobre estos lemas, han sido los movimientos que ha tenido en este su primer año; Tal vez con muchos errores, de su junta directiva, a la que pertenezco; pero de lo que sí, estoy seguro, es de que todos hemos querido conseguir lo mejor.

Creo que ha habido cosas positivas. Considero la principal, el número de socios; muy cerca de los doscientos, y catorce colaboradores. Según un cálculo de habitantes, nos da un 30 %. Colaboradores, que son en su mayoría, nacidos; pero hoy, por diferentes circunstancias, fuera del barrio.



En este primer año, la Asociación **ha hecho muchas** gestiones. Recuerdo ahora el arreglo de S. Meneses. Este arreglo, nos trae a todos de cabeza, por el peligro que representa la circulación. A finales de octubre, después de muchas insistencias, Obras Públicas, nos pegó la polvareda del siglo. El 1º de noviembre, alguno que había subido al cementerio, no conocía su coche, cuando iba a recogerlo. La polvareda la sufrimos todos, no nos gustaba a nadie, mas estos tres meses han sido de tranquilidad; No se fué ningún coche, no hubo que salir con arena para que pudieran subir los camiones. ¿ Que pudo quedar mejor ? Pienso que sí, habrá que seguir insistiendo.

Todos hubiéramos querido conseguir mucho más, duele no tener resuelto el problema de puntos de luz, en Caraña y el Mandeo, cosa que no dejamos de mano; pero las **cosas** de palacio van tan despacio......

Casi tres meses, quedamos sin un buzón de correos ..............

Rápida, pudo ser la construcción de la marquesina que se puso para los niños, y fue debido a la generosidad, de Manolo Castiñeira y / "Decoraciones Mandeo", pues su desinterés lo hizo así factible.

Está puesto el espejo, en el cruce de la carretera de Villozás. Promesa que nos había hecho el Ayuntamiento y cumplida fué.

Proyectos: La Asociación tiene muchos, como podrían ser; el arreglo de caminos, en trámites, que esperamos cuajen en realidad. Pensemos que la Asociación, se mueve con unos recursos económicos, que por sus propios medios pocas cosas podrían hacer. En la última Asamblea General del año 1978, el balance económico fue así: Recaudación, que es la cuota de los socios y colaboradores, 42.775 pts. Los gastos totales, han sido 19.915 pts. Así pues quedó un saldo de 22.860 pts. La Asociación, ha gastado el dinero en: Los libros que son obligatorios para su desenvolvimiento oficial, fichas de socios, carnets, pólizas y franqueo de solicitudes y cartas; gastó también 4.000 pts. en la commemoración de las "Letras Gallegas" y así se ha ido este dinero, o sea que si se hubiese pagado viajes y sueldos por algunos trabajos efectuados.....

Así es como yo he visto a nuestra "Asociación" en su primer aniversario, como a un niño que nace, y al año, normalmente, empieza a caminar, que siga su camino y consiga lo mejor, para hacer un Barrio, NUESTRO BARRIO, más feliz.

TANO









DIBUXOS - F.M.L.

COPIA DE LA CARTA DE S.M. EL REY A LA AA.VV. Y BREVE COMENTARIO
&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&&

Lo que a continuación reproducimos es la contestación de S.M. el Rey al escrito, a petición del desvío de la Carretera Nacional - VI, formulado por esta Asociación de Veciños con fecha 9 de enero de 1979.

CASA DE S. M. EL REY

SECRETARÍA

Palacio de la Zarzuela

MADRID, 24 de enero de 1.979.

Cumpliendo las órdenes recibidas de SU MAJESTA EL REY, con esta fecha y número 665 , se ha dado trasla do de su escrito al MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS Y URBANISMO para que por el Departamento u Organismo correspondiente, se estudie la solución que, en justicia, proceda.

Quedo suyo atento y afectísimo,

RAFAEL DE VALENZUELA

Sr. Don Antonio Lagares Pérez

Presidente de la Asociación de Vecinos "Dos Remedios"

"A Ponte Vella" BETANZOS (La Coruña).

OMENTARIO.-

on la misma fecha fueron remitidos idénticos escritos al Presidente lel Gobierno, Ministro de Obras Públicas y Urbanismo y Presidente de la Xunta de Galicia, D. Antonio Rosón Pérez, quienes hasta el momento no han dado contestación a nuestro escrito.

Ante este hecho, la Asociación de Veciños quiere, por una parte, agradecer a S.M. su respuesta, y por otra, expresar la decepción y el pesar que nos causó el silencio del Sr. Rosón como Presidente de la Xunta ante nuestro escrito. Nos preguntamos si para usted, Sr. Rosón, Betanzos no es parte de Galicia, una parte que con solo asomarse a los periódicos cualquiera puede calificarla como poco menos que desgraciada a causa de los contínuos accidentes de tráfico que en ella tienen lugar. El dirigirnos a la Xunta fue para intentar que alguien tome medidas válidas para que este mortal porcentaje descienda en lo posible. Y; ¿quién más indicado que el máximo representante de Galicia en Galicia?...

Y también nos preguntamos: ¿De quién es la responsabilidad de los accidentes que ocurren contra la voluntad de todo un pueblo?

Sr. Presidente: ¿La Preautonomía que representa la Xunta quiere decir que tendremos que prescindir de este organismo y seguir dirigiéndonos a Madrid? Nos da la impresión de que así ocurre a la vista de las "respuestas" obtenidas a los problemas de un pueblo gallego como es el nuestro, como alguien parece alvidarlo.

Quizás estemos equivocados, pero, ¿aquién debemos preguntarlo en este caso? ¿Otra vez al Rey?... Nos tememos que a partir de esta experiencia no nos quedará otro remedio, y aprovecharemos a ver si así , él nos explicará el empleo de NUESTROS últimos presupuestos salidos de esa Xunta no sean sólo hojas de papel (que no se llevará el viento, precisamente), y se transformen en realidades palpables de cara al pueblo gallego.

Sr. Rosón, nosotros queremos acabar de una vez por todas, con todos los centralismos manipulados y manipulantes y conseguir que se hagan realidad los lemas del carnet de esta Asociación de Veciños:

POR UN BARRIO DIÑO.
POR UN POBO MIIIOR.
POR UNHA GALICIA GRANDE.

Betanzos, 12 do marzal do 1979

Katy, Manoel e Antón

# INFORME SOBOR AS ULTIMAS EIEICIOS

O derradeiro 1 do marzal tiveron luar as primeiras eleiciós lexi-lastivas despois de dar o visto bó á nova Constitución. Nelas, a no-sa barriada voltóu a demostrar a súa ciudadanía, concurrindo ás vota-ciós o 70'9 % do censo eleitoral, superando a media en Galicia e no Estado Español en xeral. Nembergantes, voltamos a denunciar dende ei-quí a necesidade de cós veciños de Caraña veñan a exercer o seu su-fraxio na seición 7ª(ubicada nos locais da nosa Asociación de Veci-ños), xa que teñen que facer un desplazamiento longo e molesto pra emitir o seu voto en Sam Martiño (seición 12ª). Nos xa fixemos a o-portuna reclamación ante o encargado do censo (con fecha 9 de xaneiro pasado), mais argumentaron que prás eleiciós pasadas e prás munici-pais, xa na porta, non se podría facer nada pois estaba todo progra-mado.

Esperamos có censo sea correxido e debidamente amañado iste proble-ma pra satisfación de todos e máis prós conveciños de Caraña.

A continuación imos a dar os resultados das votaciós nas mentadas Seiciós 7ª e 12ª .

SEICION 7ª.—Comprende:Mandeo, Nuestra Señora, Enrique IV, Saavedra Meneses e Travesía de Caraña.

CENSO EIEITORAL.. 578 VOTANTES.. 410 ABSTENCIOS.. 168

Os votantes fan o 70'9 % do censo e os que se abstuviron o 29'1 %

| GRUPO OU COAIICION POIITICA | NUMERO DE VOTOS | % |
|---|---|---|
| Unión de Centro Democrático (U.C.D.) | 136 | 33'1 |
| Partido Socialista Obreiro Español (P.S.O.E.) | 116 | 28'2 |
| Coalición Democrática (C.D.) | 56 | 13'65 |
| Partido Comunista de Galicia (P.C.G.) | 35 | 8'53 |
| Bloque Nacional Popular Galego(B.N.P.G.) | 24 | 5'85 |
| P.S.O.E. (HISTORICO) | 17 | 4'14 |
| Unidade Galega (U.G.) | 5 | 1'21 |

SEICION 12ª.—Comprende Caraña e a zoa de San Martiño.

CENSO EIEITORAI.. 535 VOTANTES.. 326 ABSTENCIOS.. 40 %

Os votantes fan o 60 % do censo eleitoral.

| GRUPO OU COAIICION POIITICA | NUMERO DE VOTOS | % |
|---|---|---|
| Unión de Centro Democrático (U.C.D.) | 112 | 34'3 |
| Partido Socialista Obreiro Español (P.S.O.E.) | 85 | 26 |
| Partido Comunista de Galicia (P.C.G.) | 44 | 13 |
| Coalición Democrática (C.D.) | 22 | 6'7 |
| Bloque Nacional Popular Galego (B.N.P.G.) | 11 | 3'3 |
| Unidade Galega.(U.G.) | 8 | 2'4 |

NOTA.- Damos nota dos partidos ou coaliciós maioritarias.

# AS MUNICIPAIS Á VISTA

Xa ves, meu vello, que despois
tantos anos con concellos de-
o orgánico -o que non quere de
precisamente de tipo organiza
imos ter, a partir de comenzos
abril, un Aiuntamento elexido-
o pobo directa, democrática e-
rgánicamente, que xa é decir.

Arrea!, pois non che digo na-
monada. ¿Irán as cousas a --
lor? Non, por favor, non nos-
emos a facer de profetas, ofi
este mal pagado e sometido a
metamos por menos de nada a
a.

Esta Asociación de Veciños, --
e estas eleccións municipais,-
miña opinión, debería de tomar
rtido, non botando por ningunha
didatura senón fixando o que a
icio dela debe ser unha corpo-
ción democrática. Esta Asocia-
ón, de actuación eminentemente
dadana, non pode de ningún ---
ito vivir allea a cómo poden -
tuar os munícipes que saian ele
do de eiquí a un mes, máis ou-
nos.

Tamén, ademáis do antedito, -
ría un bon detalle democrático
e xa que o presidente Antonio-
gares Pérez figura como candi-
to por un partido político de-
ría de ter dimitido como tal -
esidente. Senón parece como si
da a Asociación fose a votar -
OE, ou que toma ela partido --
invita así aos seus asociados a
e voten socialista.

Pero o caso é que tanto unha-
xerencia como a outra das di-
s non atoparon eco entre os di
xentes da Asociación.

Non esquenzamos, meu vello, -
e para máis dun betanceira esta
sociación cheira a política, e-
n concreto a unha determinada -
iña galeguista, ou polo menos -
e di ser tal. Non é certo ese-
neirume, e digo esto bascado no
e vin e oín nas xuntas a que -
eño asistido, tanto da directi-
a como dos facedores deste bole

tín cirolinheiro como, en fin, a
do derradeiro pleno social. Pero
vai ti agora a intentar borrar -
unha opinión que se asenta en de
/terminadas testas que andan sol
tas por ahí.

Eleccións municipais, pois.--
Xa era hora de que as convocasen,
qué carai.

Será cousa de que escollamos-
ben por aquelo de que non estare-
mos a elexir concellais tódolos-
días. Despois non nos poñamos con
lamentos, habida conta, por ou-
tra banda, de que nun sitio peque
no como Betanzos, onde todos máis
ou menos nos conocemos de vista-
e de fama, máis que a ideoloxías
votaremos máis ben a persoas, a-
nomes.

E co paxaro ese da tele pode-
mos decir:

Muchachos,
pensemos,
a quién votaremos...

Brais da Bouza



CALESIÑA DOS LAGARES,
COA CASIÑA DO POTIN,
ONDE VIVEU E MORREU
MEDIN BARRAL, ANTOLIN.



# O'TOLIN

Nunha das páxinas do BOLETIN, figura un debuxo do Calexón = dos Lagares, (na rua do Mandeo), feito por Fernando Martinez = cun-ha alegoría ou mención a Antolín Medin Barral, (Tolín) === prós do noso tempo; home moi ocurrente por certo, labrego e matachin de oficio, do cal era un verdadeiro artísta.

Entre as moitas anédoctas que del se contan, eu, que vivin= tan cerca, quero facer alusión a algunhas.

Nunha ocasión, foi pra matar un porco a certo señor, chamou á porta da casa, e vaixou a abrirlle a criada, como esta lle = notara que iba bastante chispo (cousa non moi rara nel), a === criada subiu e dixolle ó señor, ahí está Tolín pra matar o porco, ¡ pero está como unha mea ! ¿eu penso que así no vai poder matar?, entón vaixou o señor, e tratou de convencer a Tolín == con todalas argucias e razons que se lle ocurriron, pra que == deixara a matanza pra outro día, pero Tolín terqueou, e ter--- queou, e dixolle que outro día non podía, que tiña dado pala-- bra a outros, e polo tanto que tiña que ser daquela; en vista= de esta actitude o señor enfadouse e dixolle polo craro, ¡mira Tolín tu estas borracho! Tolín mirou pra él, e con retranca == dixolle, ¿e logo..... vaimo a notar o porco?

Houbo unha época que estaba de moda pillar gatos pra facer= comilladas (que logo de ben sazonados e amañados non estaban = nada mal), un bon día a unha señora veciña, faltoulle unha ben mantida gata, dempois de moito preguntar por ela, topouse unha mañá cedo co Tolín, e espetoulle sin pensalo ¿oye Tolín, tu no habrás visto a mi gata por ahí?, Tolín virando un pouco a cara mirou pra ela cro rabelo dos ollos pequeniños que tiña, e dixolle, ¡oiga señora, desde cando eu ando á xaneira!.

Outra ves, certo labrego rico contratou a tres xornaleiros pra cavar unha parcela de barra, entre elos estaba Tolín, como era costume daquela, os xornaleiros levaban pra leira comida = pro xantar, e o dono daballes o viño, (que xa levaron con sigo) chegaron a barra e como iban solos, sentaronse a fumar un pitillo, escomenzaron a parolar un pouco entre eles e dempois dun=

atiño un deles dixo, ¡oides! ¿e por que non votamos un goto?, = como non lle pareceo mal a ningún, así o fexeron, e vaso vai, e= conto ven, cando se deron conta era a hora do xantar, e puxeronse a facelo, como era vran e quentaba o sole acordaron votarse a dormir un pouco e facelo traballo dempois, pero cando des-- pertaron xa anoitecía, í entó decidiron irse; chegaron á casa do dono, e este preguntoulles si acabaran, eles dixeron que sí, ¿e= as esparas quedaron limpras? ¡si! responderon, ¿quedaría todo == ben? si señor, quedou todo ben; pagoulles e foronse; pro vale eiquí, o outro día a señor foi ver a barra, e topouse que estaba = sin cavar; saleo doente a buscalos, e ó primeiro que atopou foi= a Tolín, pilleuno po la coliga e zarandeando verroulle, ¡oes tí! ¡vos pensades que eu son tanto ou que me vades a tomar de coña!, Tolín respondeulle ¿pero que lle pasa? ¿que me pasa? papadelo viño, cobradelos cartos, e a barra sin cavar, respondeulle Tolín, = ¿sin cavar? ¡sin cavar! acavo de vir dalí agora mesmo, e está como estaba; pois daquela, descavouse, xa que nos cavar cavamola.

E MOITAS MAIS.



## OBXETIVOS URXENTES

Despois dunha xuntanza que a nosa direitiva tuvo no local social co alcalde Sr. Martínez Guerra, na que se tratou das necesidades que máis apremian á barriada, ou seña as máis urxentes e polas que a nosa primeira autoridade mostroú gran interés, parece ser que os primeiros obxetivos a realizar serán: o amaño da Corredoira (rua da Porqueiriza), a entrada do camiño de Obre xunto á eirexa, e o amaño da Eira Vella.

Según o falado, o axuntamento poñerá maquinaria e material, e tan pronto coma o tempo o permita, poñeranse mans á obra.

E posibel que estas milloras se fagan realidade nun prazo corto. (esperemos que así seña).

Referente á derradeira, o pasado domingo día 11, algúns membros da nosa Xunta Direitiva, estiveron facendo un estudo pra ver o xeito de como repartir millor a Eira Vella, tratando de deixar sitio pra varado dos botes, aparcamento pra os coches, paso pra os vecinos, unha valla diante da casa dos Lousadas, e sitio pra que os nenos teñan un coto pechado pra poder xogar sin peligro; desto fixo un plano-esbozo- Manolo García, o de decoracions "Mandeo", pra presentarlle ao aparexador municipal no seo día.

Cando estas obras escomencen, rogamoslles aos veciños presten a sua colaboura e axuda.

GRACIÑAS.

## "ciroliñas"

Eu, que nunca falo galego,
hoxe, quero adaprendelo,
vou mandar ó "CIROLIÑAS",
catro cousas pra os nenos.

¿Quen te bautizou "CIROLIÑAS"?,
coido que non fose o crego.

Non entendo o teu xeito,
mais góstame seas voceiro,
dun barrio cheo de nenos,
nenos, de catro anos, e mais vellos.

Nas tuas verbas inscritas,
tes que pidir moitas cousas:
O parque na "Eira Vella",
pra que a xente se xunte,
co galo de ter a os nenos,
a sua man e contentos.

Tes que pidir, bos camiños,
pra todo o noso rueiro,
tes que pidir moitas cousas,
pide e sigue pidindo, meu neno,
que eu tamen pidiria:
Non ter tantos anos,
e volver a se-lo.

A. M.







# O ABÓ CIROLAS

